



O pasado **martes 7 de maio** participamos no **Correlingua 2019** que se celebrou na nosa vila de **Ribadeo**. O lema deste ano “**O galego é a fórmula**” demandaba unha maior presenza da lingua galega no ensino das asignaturas de Ciencias (Matemáticas, Tecnoloxía...).

Un total de 249 alumnos/as do noso colexio participaron nesta actividade.

Ás 10:30 horas chegamos á Illa Pancha.





Sobre as 11 horas partimos da Illa Pancha cara ao centro da vila e fomos os encargados/as de portar a “pancarta oficial” do Correlingua 2019 na Mariña.









Camiñamos pola estrada do Faro cara a rúa Calvo Sotelo.









Chegamos ao Cine-Teatro.





Percorremos as rúas Ramón González, Avenida de Galicia e San Francisco ata chegar ao Cantón. Cando chegamos, estaba rematando a actuación de Paco Nogueiras para os máis pequenos/as.



Despois, e tras unha presentación do evento, houbo unha lectura de manifestos a prol da lingua galega.



Despois disfrutamos dun concerto co grupo de rock en galego “Pauliña”.



Desfrutamos un montón coa música e non paramos de bailar e aplaudir...









O concerto gustounos tanto que non dubidamos en pedir autógrafos e en fotografiarnos cos músicos/as...







O Correlingua de Ribadeo foi todo un éxito...



VIVA O GALEGO!!!!!!